

REGULAMENTO PARA A DOCENCIA EN LINGUA ESTRANXEIRA NOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO (ReDLE)

(Aprobado no consello de goberno do x de XX de 2024)

LIMIAR

O Plan Estratéxico da Universidade de Vigo debulla unha universidade máis galega, pero tamén máis proxectada ao exterior. De seguro que a eiva máis importante que temos neste momento, e o capítulo onde debemos concentrar máis os noso esforzos, atópase na escasa internacionalización, tal e como reflicte a baixa incorporación á nosa universidade de estudantado, de persoal docente e investigador, e de persoal técnico, de xestión e de administración e servicios do estranxeiro. Se queremos ser quen de reverter esta situación, cómpre fortalecer a nosa presenza tanto a nivel europeo coma internacional.

Entre as metas do Plan Estratéxico da Universidade de Vigo están a inclusión na iniciativa das universidades europeas, a atracción de estudantado internacional, e a adquisición dun maior dominio de linguas diferentes ao galego e ao castelán do noso estudantado e egresados/as, persoal docente e investigador (PDI) e persoal técnico, de xestión e de administración e servicios (PTXAS). De aí que, debemos progresar na dimensión multicultural e acoller estudantado de distintas orixes, motivar o noso alumnado e o noso persoal para que desenvolvan parte da súa carreira universitaria noutros países, impartir parte da docencia noutras linguas alén do castelán e do galego, alcanzar o prestixio internacional pola excelencia da nosa oferta educativa e a nosa capacidade investigadora e de transferencia, e desenvolver dobres titulacións internacionais e titulacións conxuntas con universidades estranxeiras de excelencia internacional. Para acadar estas metas a docencia universitaria en linguas estranxeiras principalmente en inglés resulta fundamental por varias razóns:

Mellora das competencias lingüísticas do estudantado: expoñer ao alumnado ao ensino noutra lingua bríndalles a oportunidade de mellorar as súas habilidades lingüísticas nese idioma. Isto é fundamental nun mundo globalizado onde o inglés é amplamente utilizado nos eidos académico, profesional e social. Ao desenvolver habilidades en inglés, o estudantado tórnase máis competitivo no mercado laboral internacional.

Aumento das mobilidades: Ofrecer programas académicos en linguas estranxeiras pode fomentar a mobilidade estudantil, permitindo que os estudantes viaxen a outros países para estudar ou participar en intercambios académicos e permitindo que estudantado doutros países escolla a nosa universidade para os seus intercambios. Isto enriquece a experiencia

educativa ao expoñer ao estudantado a diferentes culturas e enfoques educativos, e proporcionarlles unha perspectiva global que é invaluable no mundo contemporáneo.

Captación de talento internacional: O ensino en linguas estranxeiras pode atraer a estudantes internacionais que buscan oportunidades educativas no estranxeiro. Ao ofrecer programas en inglés ou noutras linguas, as universidades vólvense máis atractivas para estes estudantes, o que á súa vez pode enriquecer o ambiente académico ao introducir diversas perspectivas culturais e experiencias de vida.

A docencia universitaria en linguas estranxeiras non só mellora as competencias lingüísticas do estudantado, senón que tamén fomenta a mobilidade estudantil e contribúe á captación de talento internacional.

Os centros teñen un papel preponderante na consecución destes obxectivos ao seren os encargados de organizar e de impartir os estudos da nosa universidade. Son eles os que en última instancia facilitan a mobilidade do estudantado e acollen o alumnado estranxeiro. Así mesmo, tamén son os que xestionan os recursos e as ferramentas dispoñibles para internacionalizar cadanseu programa de estudos.

En consecuencia, para internacionalizarmos a Universidade de Vigo, cómpre tamén actuar a nivel de centros para así desenvolver unha estratexia propia que facilite a mobilidade internacional, definindo políticas claras e trazables para o desenvolvemento de actividades docentes plurilingües, integradas e transnacionais, co fin de recoñecer a importancia dos resultados acadados nestes eidos e darlles a visibilidade que lles corresponde.

Tendo en conta os obxectivos identificados e as diferentes situacións de partida dentro da nosa universidade, os centros da Universidade de Vigo poderán participar no programa de Docencia en lingua estranxeira nunha das tres modalidades seguintes:

- Modalidade A: plans de internacionalización que presenten unha implantación de polo menos 80% dos créditos ECTS da titulación, en lingua estranxeira.
- Modalidade B: plans de internacionalización que, sen considerar liñas completas, desenvolven unha oferta de polo menos 30 créditos ECTS da titulación impartidos nun mesmo cuadrimestre.
- Modalidade C: plans de internacionalización que recollen menos de 30 créditos ECTS.

TEXTO

TÍTULO I

Sobre os programas en lingua estranxeira

Artigo 1.- Obxectivo

O obxectivo deste Regulamento é achegar un marco para a regulación dos programas que se impartirán en lingua estranxeira na Universidade de Vigo, así como para a acreditación, formación e incentivación do PDI e do estudantado que participe neles.

Artigo 2.- Elaboración, solicitude e avaliación de propostas

2.1. As xuntas de centro ou as xuntas de titulación, segundo proceda, solicitarán ás vicerreitorías con competencias na materia, mediante unha proposta, a impartición de programas en lingua estranxeira nos prazos que se estipulen. As propostas deberán vir acompañadas do visto e prace dos departamentos vinculados á docencia en lingua estranxeira no que se garantirá a impartición desta durante un mínimo de catro anos para todas as modalidades (A, B, e C).

2.2. As propostas comprenderán impartición de itinerarios completos (modalidade A) ou de parte das materias dos itinerarios, atendendo ás tres modalidades A, B e C.

2.3. Todas as propostas garantirán a dispoñibilidade de infraestruturas para acoller os grupos docentes adicionais que se constitúan como resultado da implantación da proposta, así coma o profesorado acreditado conforme o artigo 4.

2.5. As vicerreitorías con competencias en ordenación académica e en internacionalización serán as responsables da análise das propostas presentadas e da súa aprobación, do que darán traslado a unidade administrativa correspondente.

2.6. No caso de que a proposta mereza unha valoración negativa por parte das vicerreitorías referidas, estas indicarán as accións de mellora que se poidan acometer para considerar a súa implantación futura.

2.7. A aprobación das propostas que supoñan a contratación adicional de profesorado corresponderá ao Consello de Goberno, previo informe favorable das vicerreitorías con competencias na materia.

Artigo 3.- Implantación, seguimento e cancelación

3.1. De acordo coas instrucións das áreas correspondentes, habilitarase a xestión separada das actas nos diferentes grupos de lingua estranxeira. Alén diso, comunicarase claramente ao estudantado que se matricula a oferta das materias impartidas en lingua estranxeira dentro de cada título.

3.2. Os Servizos de Xestión de Estudos de Grao e de Posgrao ou a unidade administrativa correspondente garantirán os mecanismos para que a participación do estudantado, tanto propio como de mobilidade entrante, nos programas de docencia en lingua estranxeira se reflicta no expediente académico e no Suplemento Europeo ao Título (SET), ou na certificación académica.

3.3. As xuntas de centro farán un adecuado seguimento da implantación e evolución dos programas aprobados, seguindo o procedemento que se estableza para tal fin.

Para estes efectos, a Unidade de Análise e Programas ou unidade administrativa correspondente procederá á análise da información específica dos programas impartidos en lingua estranxeira.

3.4. As vicerreitorías con competencias na materia poderán propoñer ao reitor a cancelación dun programa de xeito definitivo cando nos últimos dous anos o número de estudantes matriculados no grupo en lingua estranxeira sexa inferior a 5.

3.5. Consonte a guía de modificación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), as linguas de impartición que se vaian engadir nas materias incluídas nos programas que se configuren serán comunicadas á ACSUG durante o proceso de seguimento do título, actualizándose cando se teña que introducir unha modificación substancial ao título.

TÍTULO II

Sobre o profesorado que participe nos programas

Artigo 4.- Acreditación da competencia lingüística do PDI

4.1. Os departamentos e as Comisións Académicas de máster asignarán as materias que se impartirán en lingua estranxeira dentro dos diferentes programas, ao profesorado acreditado para tal efecto.

4.2. A acreditación do coñecemento lingüístico do PDI que participe nos programas con docencia en lingua estranxeira deberase solicitar á vicerreitoría con competencias en

internacionalización mediante:

a) A certificación dun nivel C1 na lingua estranxeira en cuestión consonte o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), emitida por unha institución das aceptadas pola Universidade de Vigo no seu Plan de Internacionalización Lingüística ou polo Centro de Linguas (CdL) da Universidade de Vigo. O profesorado da Universidade de Vigo que xa estea impartindo docencia nunha lingua estranxeira e teña acreditado un nivel B2 terá 3 anos para conseguir a certificación de nivel C1, sempre que sexa posible.

b) A acreditación de impartición de docencia na devandita lingua estranxeira nunha institución de educación superior por un mínimo de 240 horas nos últimos 5 cursos académicos.

c) A posesión dun título de licenciatura ou grao en filoloxías, linguas estranxeiras, tradución e interpretación (idioma 1/lingua B) ou titulacións afíns realizado na lingua da materia que se impartirá.

d) A certificación expedida polo CdL da Universidade de Vigo (*Higher Education Lecturing Accreditation*, HELA) ou centros análogos na que se acrediten as aptitudes para a docencia na lingua estranxeira en cuestión trala realización dunha proba específica. O HELA será de balde para o PDI da Universidade de Vigo, sempre e cando estea dispoñible para participar nos programas de docencia en lingua estranxeira durante, polo menos, os tres cursos académicos posteriores á súa realización. O HELA terá unha validez de tres anos que se contarán dende o seguinte ao último no que se teña impartida docencia en inglés.

4.3. A vicerreitoría competente en materia de internacionalización elaborará as listaxes de PDI acreditado para a participación nos programas de docencia en lingua estranxeira, para posteriormente informar aos departamentos e ás comisións académicas de máster e á vicerreitoría con competencias en organización académica, que comprobarán a correcta elaboración dos POD no sentido de que soamente poderán impartir docencia en lingua estranxeira o PDI acreditado consonte o disposto neste artigo.

4.4. A acreditación do profesorado para a participación nos programas en lingua estranxeira renovarase automaticamente dun ano académico para o outro agás que, por segundo ano consecutivo obteña unha avaliación desfavorable na enquisa deseñada para tal fin.

No caso de estar incurso neste suposto, a renovación da acreditación para a participación do/a docente nos programas do vindeiro curso académico estará condicionada á superación

da proba para a docencia do CdL da Universidade de Vigo (HELA), no que terá preferencia de reserva de praza.

Artigo 5.- Seguimento

5.1. Para o seguimento da actividade docente desenvolvida en lingua estranxeira, un dos aspectos que se debe considerar será a satisfacción do estudantado coa docencia recibida desde unha perspectiva lingüística. Así, ademais das enquisas xerais da Universidade de Vigo de avaliación da satisfacción do estudantado coa docencia recibida, a unidade administrativa correspondente artellará, en coordinación coa área de tecnoloxías da información, o mecanismo axeitado para compilar información adicional do estudantado participante nos programas impartidos en lingua estranxeira ao respecto da percepción da docencia recibida.

Artigo 6.- Recoñecemento e incentivación

O PDI que participe nos programas de docencia en lingua estranxeira terá dereito a:

- a) O recoñecemento como horas docentes equivalentes no Plan de Ordenación Docente (POD) segundo aparezan nas normas de elaboración do mesmo en cada curso académico.
- b) A continuidade na impartición en lingua estranxeira dunha materia durante catro anos consecutivos, e sempre dentro do marco normativo vixente na Universidade de Vigo.
- c) Gozar de:
 - Descontos na matrícula en cursos de lingua do CdL, tanto na lingua estranxeira utilizada na docencia como noutras linguas de interese persoal.
 - Asesoramento por parte do CdL, a través de sesións de titorías que se establezan, sobre a calidade lingüística e aspectos docentes na lingua estranxeira.
 - Preferencia na participación en convocatorias de mobilidade internacional de PDI, en caso de igualdade de puntuación trala aplicación do baremo correspondente.
- d) Unha certificación que acredite a súa participación nos programas de docencia en lingua estranxeira.

TÍTULO III

Artigo 7.- Acreditación da competencia lingüística do estudantado

7.1. A participación nos programas de docencia en lingua estranxeira polo estudantado será voluntaria.

7.2. Para poder matricularse nos programas de docencia en lingua estranxeira, o estudantado (incluído o estudantado internacional) deberá acreditar, nos prazos e polas canles que se establezan, unha capacitación lingüística suficiente para un adecuado aproveitamento da docencia mediante:

- a) A acreditación de nacionalidade dun país no que a lingua en cuestión sexa oficial ou de residencia mínima de dous anos nese país nos últimos cinco anos.
- b) A certificación do nivel B1 na lingua estranxeira en cuestión consonte o MCERL, aceptadas pola Universidade Vigo.
- c) A acreditación de ter recibido con anterioridade docencia regrada na devandita lingua estranxeira nunha institución de ensino medio ou de educación superior, por un mínimo de un curso académico completo nos últimos cinco anos.
- d) Calquera outra vía diferente ás anteriormente listadas que, con carácter excepcional, sexa aceptada pola vicerreitoría con competencia en internacionalización, previa solicitude razoada da persoa.

Os Servizos de Xestión Académica de Estudos de Grao e Posgrao ou a unidade administrativa correspondente, será o encargado de examinar as acreditacións e confirmar ou denegar a matrícula dos/as estudantes nos programas docentes en lingua estranxeira.

Artigo 8.- Recoñecemento e incentivación

8.1. O estudantado propio da Universidade de Vigo que participe nos programas de docencia en lingua estranxeira terá dereito a:

- a) Incorporación no expediente académico do/a estudante, así como nas certificacións académicas deste expediente, das materias cursadas e superadas na correspondente lingua estranxeira, con mención explícita á devandita lingua.
- b) Inclusión no SET das materias cursadas e superadas na correspondente lingua estranxeira.

c) Adicionalmente, gozar de:

- Preferencia na participación en convocatorias de mobilidade internacional de estudiantado, en caso de igualdade de puntuación trala aplicación do baremo correspondente.
- Preferencia na participación en programas de dobres titulacións internacionais aos seus estudos, en caso de igualdade de puntuación trala aplicación do baremo correspondente.
- Descontos na matrícula en cursos de lingua do CdL, tanto na lingua estranxeira utilizada na docencia como noutras linguas de interese persoal.

8.2. O estudiantado internacional que participe nos programas de docencia en lingua estranxeira a través de programas de mobilidade de estudantes terá dereito a:

- a) Constancia de dita participación no seu contrato de estudos e no expediente académico.
- b) Descontos na matrícula en cursos de lingua do CdL da Universidade de Vigo. O CdL promoverá unha oferta suficientemente flexible en niveis e horarios para facilitar este apoio lingüístico.

Disposición adicional

A docencia en linguas estranxeiras regularase polo recollido neste regulamento. Quedan excluídas do seu ámbito de aplicación todas aquelas materias relacionadas co ensino da lingua estranxeira correspondente.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor no curso 2025-2026.